

SOLICITUDE INSCRIPCIÓN LUDOTECA DE NADAL 2024-2025

Nome d@ participante		Data nacemento	
Nome nai/pai/titor/a		Data nacemento	
Teléfono		Autorización para saír en fotografías	
Alerxias ou cuestións médicas de interese			
Persoas autorizadas para recoller o/a menor			

D./Dna. _____ con, DNI _____
como pai/nai/tutor/tutora de _____

AUTORIZO:

Á /Ao menor a participar na LUDOTECA DE NADAL 2024-2025 organizada polo Concello de Viana do Bolo, comprometéndome a levalo e recollelo no lugar e hora indicado polos/as monitores/as, respetando o horario das actividades, que se desenvolverán de 10 a 14 h.

COMPROMÉTOME A :

- A) NON enviar o/a menor ás actividades en caso de estar diagnosticado/a con algunha enfermidade contaxiosa e/ou presentar febre ou sintomatoloxía coma tos, dificultade respiratoria, diarrea, etc.
- B) Notificar a ausencia do/a menor ao teléfono facilitado pola organización da Ludoteca e/ou Campamento.
- C) Aceptar o cumprimento das medidas e normas indicadas pola organización
- D) Cumprimentar o Consentimento para o Tratamento de Datos Persoais.

En Viana do Bolo, a de decembro de 2024

Asdo:

CONSENTIMENTO PARA TRATAMENTO DATOS PERSOAIS

DATOS PERSOAIS DA PERSOA ADULTA:

- Nome e Apelidos:
- Data nacemento: - NIF/NIE: - Nacionalidade:
- Teléfono de contacto: - Correo electrónico:
- Enderezo:

O CIM do Concello de Viana do Bolo, en cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmao/a de que, no caso de prestar expresamente o seu consentimento mediante a sinatura da presente autorización, calquera dato recabado por este medio, que Vd. proporcione, será incorporado a un rexistro de actividades de tratamento de datos, cuxo responsable é o citado Concello/Mancomunidade.

1. O tratamento dos datos persoais da persoa usuaria realízase coa finalidade de dar unha axeitada satisfacción ás funcións propias do CIM e, en concreto, a aquelas especialmente vinculadas ás consultas de natureza persoal (información xurídica, atención psicolóxica, violencia de xénero e discriminación por razón de xénero), así como para subministrar información ao órgano superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de igualdade para cumprir as obrigas de elaboración dos informes mensuais de consultas e da “memoria de funcionamento anual”, e para facilitar, con carácter xeral, a comprobación do axeitado funcionamento dos CIMs, así como para fins estatísticos e de control das auditorías que se puideran facer sobre estes, de acordo co previsto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia.
2. Os datos poden ser obxecto de comunicación a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cos fins lexítimos do CIM e, especialmente, en relación á seguinte tipoloxía de entidades:
 - As forzas e corpos de seguridade do Estado, a policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar, co fin de prestar unha atención integral ás persoas usuarias
 - Os órganos xurisdicionais, co fin de manter unha cooperación e coordinación axeitada coa administración de xustiza.

- As entidades/ empresas encargadas de levar a cabo as actividades organizadas dende o CIM (Ludoteca de Nadal 2024-2025). Neste caso, tamén se transmitirán dos/as participantes menores de idade que participan nas actividades.

3. Os datos poderán ser transferidos e tratados por outras persoas e entidades co fin de salvaguardar o interese vital da persoa afectada nos supostos de situacións de emerxencia en que estea física ou xuridicamente incapacitada para dar o seu consentimento.
4. O consentimento expreso para a comunicación dos datos de carácter persoal a terceiros será nulo cando sexa descoñecida a finalidade á que sexan destinados ou o tipo de actividade desenvolvida por aquela persoa ou entidade á que se lle pretendan comunicar.
5. A persoa usuaria poderá manifestar a conveniencia de solicitar os datos persoais de persoas do seu contorno (familiar, laboral, amizade, prestacional) co fin de que se demande autorización pertinente das ditas persoas para o tratamento dos seus datos.
6. Os datos serán conservados mentres sexan necesarios para as finalidades do seu tratamento e, en todo caso, durante os prazos previstos pola lexislación vixente, atendendo ao requirido pola normativa aplicable respecto á retirada do consentimento, á supresión dos datos polas persoas interesadas ou ao exercicio do tratamento dos datos aplicarase a normativa de protección de datos.
7. No tratamento dos datos aplicarase a normativa de protección de datos e as políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
8. A persoa usuaria poderá acceder, rectificar e suprimir os seus datos persoais, así como limitar e opoñerse ao seu tratamento, portar os datos e retirar o seu consentimento, formulando unha solicitude:
 - Nos enderezos de correo electrónico: cimviana@concellodevianadobolo.com e cimviana@gmail.com
 - Presencialmente nas dependencias do CIM do Concello de Viana do Bolo
9. Sen prexuízo de calquera outro recurso, a persoa usuaria tamén terá dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control (Axencia Española de Protección de Datos).

Para que todo o anterior conste asina en Viana do Bolo, o de decembro de 2024

Asinado: